

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A COORDINADORA DE TRABALLADORES/AS DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Dona Mónica Fernández Valencia, con DNI 34980633W, presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, con CIF número G-15542897, elixida presidenta mediante Acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 9 de marzo de 2024, que actúa no nome e na representación da devandita entidade de acordo co establecido no artigo 31 dos seus estatutos.

EXPOÑEN:

1. Que ambas entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. No ámbito da Administración autonómica galega, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, entre outras, as



competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

2. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

3. Que a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (en diante CTNL), que conta na actualidade con 159 persoas asociadas, é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico que ten por finalidade a defensa dos intereses xerais dos traballadores e traballadoras de normalización lingüística de Galicia e a súa formación, así como a promoción da lingua en todos os ámbitos da sociedade galega. Para este fin, tamén colabora con outras entidades e institucións, públicas e privadas, que teñen como finalidade promover e fomentar a lingua galega.

4. Que para un mellor cumprimento dos seus obxectivos, vén desenvolvendo iniciativas diversas dirixidas ao sector que representa, tales como, elaboración e realización de estudos, análises, propostas, actividades de formación continua e actuacións divulgativas e informativas. A CTNL tamén realiza labores de coordinación e orientación entre os diversos servizos de normalización que traballan noutras institucións ou entidades galegas e con outros profesionais do sector de Galicia.

5. Que a Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua é a única destas características en Galicia que aglutina a técnicos de servizos lingüísticos e de normalización que traballan nos distintos servizos de asesoramento sobre normalización lingüística dos concellos, deputacións, mancomunidades e diversas institucións de Galicia. Dadas as características específicas do colectivo que se integra nesta coordinadora e das



actuacións que desenvolve esta entidade, non é posible promover a concorrencia para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

6. Que ambas as entidades son conscientes do gran labor que realizan os e as profesionais que traballan a prol da normalización lingüística e da importancia de poñer en marcha accións conxuntas para mellorar e facer máis efectivo o seu traballo. Neste sentido, como teñen intereses comúns e coincidentes e, tendo en conta, as vantaxes que para os seus fins terá a súa colaboración, manifestan a súa vontade de continuar desenvolvendo conxuntamente un programa de actuacións dirixidas aos traballadores dos servizos de normalización.

Polo exposto, as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2025, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e a CTNL para mellorar a eficacia e eficiencia no traballo que realizan os técnicos dos servizos de normalización lingüística dos concellos, deputación, mancomunidades e diversas institucións de Galicia.

Segunda. Obrigas da CTNL

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio, a CTNL comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

1. Accións formativas para a mellora do traballo en normalización lingüística

Desenvolvemento dun curso de entre as seguintes propostas:



1. Obradoiro de redacción e presentación de proxectos de normalización lingüística.

Os obxectivos xerais son aprender a redactar proxectos de normalización lingüística claros e ben estruturados e aprender a presentar os proxectos de normalización de forma atractiva para espertar o interese das persoas destinatarias.

2. Obradoiro de xestión de iniciativas de normalización lingüística.

Os obxectivos xerais son coñecer os pasos para xestionar e desenvolver accións de normalización lingüística, abordar de forma práctica a xestión e desenvolvemento de accións concretas de normalización lingüística e aprender a presentar os proxectos de normalización lingüística.

3. Curso de formación sobre o proceso de normalización: norma... que?, servizo de que?

O obxectivo xeral é dar a coñecer a diferentes colectivos en que consiste o traballo de normalización lingüística e o labor que desenvolven os SNL.

Estas actividades de formación contarán coa correspondente homologación oficial da Secretaría Xeral da Lingua.

2. Accións para o fomento e prestixio do galego

1. LGx15. Ideas para o futuro da lingua (11.^a edición).

Organización dunha xornada de exposición de ideas que teñan que ver co futuro da lingua, na que interveñan persoas que transmitan, dun xeito breve e visual, ideas que poden, e queren, influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios. Esas intervencións, ideas e propostas serán tamén gravadas e



difundidas en vídeo a través da rede, nun formato semellante ao das conferencias TED.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua comprométese a lle facilitar, cando sexa preciso, á CTNL o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento



O orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **7.000 €** , importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará cunha achega de **6.000,00 €**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025.

A CTNL contribuirá coa cantidade restante de **1.000,00 €** .

Estas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

No anexo I desagregase a cantidade total do convenio.

Ambas as dúas partes convenientes compartirán a titularidade e o uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a correspondente achega, a CTNL presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2025, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará unha xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.



- No caso de que se publiquen traballos entregárase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.



A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A CTNL facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Oitava. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes da CTNL. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.



Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento, total ou parcial, dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades previstas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo oitava. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e,



tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo novena.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan electronicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

José Carlos López Campos

A presidenta da Coordinadora de
Traballadores/as de Normalización da Lingua

Mónica Fernández Valencia



ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: Acción formativa para a mellora do traballo en normalización lingüística	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª Docencia	1.000,00 €
TOTAL PARCIAL	1.000,00 €
2.ª actividade/acción, descrición: LG X 15	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª Gravación	2.400,00 €
2.ª Animación e condución do acto	1.500,00 €
3.ª Agasallos para os participantes	400,00 €
4.ª Imaxe: carteis, trípticos, entradas, etc.	700,00 €
5.ª Servizo de atención técnica	1.000,00 €
TOTAL PARCIAL	6.000,00 €
TOTAL	7.000,00 €



ANEXO II

(Para cubrir pola entidade)

FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Convenio/Título:

Entidade:

N.º proxectos, accións e actividades	Localidades	N.º de persoas destinatarias, beneficiarias	Homes (%)	Mulleres (%)
TOTAL				

